

ADMINISTRACIÓN LOCAL**MUNICIPAL****GROVE, O****Ordenanzas e Regulamentos*****PUBLICACIÓN DEFINITIVA MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL TAXA
SUBMINISTRACIÓN AUGA POTABLE***

Por acordo do Pleno do concello de data 27/01/2025, foi aprobado definitivamente o expediente de modificación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa por subministración de auga potable, en relación aos supostos de fugas de auga, procedéndose segundo o disposto no artigo 17.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, á publicación do acordo elevado a definitivo, sendo do tenor literal seguinte:

6.2 Consumo desproporcionado por fuga de auga: Segundo o disposto no artigo 23 da ordenanza xeral reguladora do servizo de subministración de auga potable, os contadores forman parte das instalacións interiores, polo que serán de titularidade de cada usuario, sendo responsabilidade deste o seu mantemento e, de ser o caso, a súa substitución en caso de avaría, que deberá ser autorizada previamente polo servizo de augas.

En todo caso, si no período de facturación se constatar a existencia dunha fuga de auga na rede interna de subministro do suxeito pasivo e esta fóra debidamente acreditada, como consecuencia dun feito fortuíto non atribuíble á negligencia do usuario, e o contador rexistrase un volume desproporcionado de consumo en virtude desta fuga, facturárase ao suxeito pasivo as tarifas establecidas na ordenanza fiscal vixente da taxa por subministración de auga potable (auga, IVE e canon da Xunta de Galicia), quedando liberado do pago da taxa pola prestación do servizo de redes de sumidoiros e depuración de augas residuais.

Para a aplicación desta regulación sobre fugas deberá resultar acreditada:

1. A involuntariedade das perdas e a ausencia de culpa ou negligencia.
2. Que o suxeito pasivo tome as medidas necesaria para reparar a fuga no prazo máximo dunha semana desde que tivo coñecemento da existencia da fuga. Cando esta data non se coñeza, entenderase que o contribuínte tivo coñecemento da existencia da fuga no momento en que se lle notifique a factura da auga correspondente ao período en que se produciu a fuga.

Unha vez emitido informe polo Servizo municipal de augas, o usuario deberá presentar:

- a) Solicitude.
- b) Factura orixinal do fontaneiro ou empresa que efectuou a reparación, na que se faga constar a clase e data da reparación realizada.



Luns, 3 de febreiro de 2025

Núm. 22

O prazo máximo para solicitar a aplicación destas tarifas será dun mes desde que tivo coñecemento da existencia da fuga.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente modificación da ordenanza fiscal, aprobada polo Pleno da corporación local, entrará en vigor unha vez publicada integramente no Boletín Oficial da Provincia, e permanecerá vixente ata a súa modificación ou derogación expresa.

O Alcalde: Jose Cacabelos Rico.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:11110D3R8E16YXBF

